

MOCIÓN DE AER S/ OBSERVATORIO MUNICIPAL DA DISCAPACIDADE

PLENO 31 XANEIRO 2013. ACTA 2/2013

ANTECEDENTES

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Conscientes de que a desigualdade social non fai máis que aumentar, tanto nos tempos chamados de crise coma nos tempos de bonanza, e de que ditas desigualdades afectan especialmente aos colectivos máis desfavorecidos, entendemos que son as administracións públicas as responsables de poñer os medios para que a redistribución da riqueza sexa máis xusta.

Poñemos hoxe sobre a mesa a necesidade de facilitar a normalización da vida cotiá das persoas con discapacidade, incluíndo entre elas ás persoas con enfermidade mental.

Entendemos que son os colectivos implicados os que máis teñen que dicir, xa que dende sempre veñen constituíndo a vangarda, non só nas reivindicacións dos dereitos destas persoas, senón tamén no tratamento e procura de medios máis axeitados para a súa integración en condicións de normalidade e dignidade. É imprescindible en calquera plantexamento serio e coherente que se queira facer que asociacións, familias e afectados teñan unha participación decisiva.

Para unha atención integral á problemática da discapacidade debemos partir dunha análise obxectiva da situación, dun plan de intervención e dun órgano de seguimento das intervencións. Dito órgano debe constituírse tamén en animador de políticas que atendan á non discriminación e á procura, insistimos, da normalización no desenvolvemento vital destas persoas, dende tódolos ángulos que afecten a ese desenvolvemento persoal, tanto educativos como de mobilidade, ocio, vivenda ou traballo entre outros.

É por todo isto que propoñemos a creación do OBSERVATORIO MUNICIPAL DA DISCAPACIDADE no que se integren familias, asociacións, afectados e grupos políticos (estes últimos con voz pero sen voto), cun obxectivo preferente pero non excluínste doutros. Dito obxectivo será a elaboración do PLAN MUNICIPAL DA DISCAPACIDADE, para o cal se conta tanto co *“Modelo de Plan de Acción Local para la Inclusión de las persoas con discapacidade 2012-2015”* do CERMI como con outros plans xa implantados en diferentes cidades e vilas do Estado.

Dito plan debe contemplar uns principios básicos para a súa elaboración e obxectivos:

- A. Participación Social.
- B. Inclusión plena e efectiva en tódolos ámbitos da sociedade.
- C. Igualdade de Oportunidades.

- D. Coordinación.
- E. Prestación de bens e servizos.
- F. Respecto pola dignidade e pola diferenza das persoas con discapacidade.
- G. A non discriminación.
- H. Recoñecemento, cumprimento e promoción de Dereitos.
- I. Perspectiva de Xénero (Igualdade entre homes e mulleres).

E atender de xeito progresivo ás seguintes áreas de intervención:

1. Información e Sensibilización.
2. Accesibilidade universal.
3. Participación social.
4. Educación e formación.
5. Saúde.
6. Emprego (Inclusión Laboral).
7. Vivenda.
8. Ocio e tempo libre, cultura e deportes.
9. Servizos Sociais.
10. Autonomía Persoal e Social.

Propoñemos ao Pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:

- **Convocatoria a tódolos afectados, familias e asociacións para que no prazo de dous meses se consensúe a formación do “Observatorio Municipal da Discapacidade”.**
- **De dita convocatoria deberá saír unha xunta redactora do proxecto de constitución que se trasladará a Pleno para a súa aprobación.**
- **Facilitarlle a esta xestora e posteriormente aos membros do Observatorio un lugar de reunión así como os medios administrativos precisos para o seu funcionamento.”**

VOTACIÓN E ACORDO.-

A Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes acorda integra-la parte expositiva da moción a fin de que se trate no marco do Consello Social como órgano que se retomará e, no seu caso, reformulará, a fin de estudar e por en marcha esta e outras iniciativas similares.